



USO DA MÁSCARA

A nivel autonómico o uso da máscara está regulado na [RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020](#), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade **e as súas modificacións posteriores**.

Unhas das modificacións importantes no relativo ao desenvolvemento do uso da máscara foi publicada mediante [RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020](#), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Segue a desenvolverse este uso da máscara na [ORDE do 9 de setembro de 2020](#) sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Por último, na [ORDE do 26 de xaneiro de 2021](#) pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Puntualízanse algúns aspectos referidos ao uso da máscara.

A nivel nacional o uso da máscara está regulado a través do [Real Decreto-lei 21/2020](#) do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e pola [Orde TMA/424/2020, do 20 de maio](#), pola que se modifica a Orde TMA/384/2020, do 3 de maio, pola que se ditan instrucións sobre a utilización de máscaras nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara unha nova normalidade; sempre que o contido desta Orde non se opoña ao disposto no Real decreto-lei 21/2020.

DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no seguinte apartado (obriga xeral do uso da máscara)



OBRIGATORIEDADE DO USO DE MÁSCARAS (SEGUNDO A RESOLUCIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2020 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS)

a) Obriga xeral

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicaranse as regras específicas do número 2.9 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicaranse as medidas previstas no número 2.10.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

c) Condicións do uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.



d) Excepcións á obrigación de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exixible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) Nas praias e piscinas, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente no momento específico do consumo.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.

6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso de exercicio de deporte individual ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de dous metros con outras persoas non conviventes.

8º) No caso de actividade física e deportiva en instalacións cubertas, o uso da máscara só quedará exceptuado para a realización de deportes que requiran a utilización de pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das devanditas actividades específicas e sempre que a ocupación máxima da pista axústese ás regras do xogo ou actividade deportiva e tendo en conta os protocolos aprobados para a devandita instalación».

9º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

«10º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos na vía pública ou en espazos ao aire libre, incluídas as terrazas, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de



dous metros con outras persoas.

O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados».

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene».

MEDIDAS ADICIONAIS SOBRE O USO DA MÁSCARA (ORDE DO 26 XANEIRO DE 2021)

Na *Orde do 26 de xaneiro, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia* se inclúen regras especiais específicas en relación ao uso da máscara:

1º) A obriga de uso de máscara será exixible en todo momento durante a realización da práctica deportiva individual ao aire libre

2º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas.

O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

3º) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo coma por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exixible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización



RECOMENDACIÓN SOBRE REUNIÓNS DE GRUPOS DE PERSOAS EN ESPAZOS PRIVADOS.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non convivientes, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Está recomendación está referida ao ámbito familiar ou social, pero non ao laboral ou profesional.

USO DA MÁSCARA NO ÁMBITO LABORAL OU PROFESIONAL

Considérase que as actividades no ámbito laboral se desenvolven nun espazo de uso público colectivo, aínda que se realice a actividade nun espazo de titularidade privada. Por isto, o uso da máscara será obrigatoria, sen detrimento das excepcións indicadas na normativa vixente.



PREGUNTAS FRECUENTES RELATIVAS ÁS MÁSCARAS

1.- Nas oficinas privadas de uso privado sen atención ao público, é obrigatorio o uso da máscara?

Resposta:

Si, deben usar a máscara, xa que unha actividade laboral consideráse que se desenvolve nun espazo de uso público colectivo. Así mesmo, os servizos de Prevención de riscos deben facer unha avaliación dos postos de traballo, co obxecto de avaliar o risco e previr contaxios.

Medidas preventivas xenéricas, ademais do uso da máscara, a ter en conta:

1. Mantemento da distancia física de 1,5 metros.
2. Hixiene de mans.
3. Hixiene respiratoria.
4. Limpeza e desinfección.
5. Ventilación e revisión dos sistemas de climatización. É fundamental a ventilación frecuente dos espazos e a revisión dos sistemas de climatización do local segundo a guía do Ministerio ([ligazón](#)).

Máis información na páxina web do [ISSGA](#)

2.- Os nosos traballadores atópanse en teletraballo, e estamos a preparar a volta á oficina. Nas nosas instalacións non se atende ao público de maneira presencial. Os postos son de administrativos, informáticos, teleoperadores,... etc., todo o persoal en postos tipo "oficina / despacho". Estamos a preparar os postos para que exista unha distancia de 1,5 metros entre eles. Limitamos os aforos en todas as nosas instalacións, zonas de traballo e descanso, respectando sempre 1,5 metros entre persoas.

Gardando as ditas distancias entre postos, é posible que os nosos traballadores estean sen máscara no posto e cando se despracen polas instalacións utilicen as máscaras?, ou deben estar toda a xornada coa máscara posta?

Resposta:

Si, deben usar a máscara, xa que unha actividade laboral consideráse que se desenvolve nun espazo de uso público colectivo. Así mesmo, os servizos de Prevención de riscos deben facer unha avaliación dos postos de traballo, co obxecto de avaliar o risco e previr contaxios.



3.- Unha oficina ten un punto único de atención ao público (poñamos na cercanía á entrada da devandita oficina) e hai un ou mais postos de traballo que non atenden ao público, e situados a máis de 2 m do anterior e mantendo esta distancia entre eles, sería necesario que utilizasen a máscara durante toda a xornada de traballo?

Resposta:

Si, deben usar a máscara, xa que unha actividade laboral consideráse que se desenvolve nun espazo de uso público colectivo. Así mesmo, os servizos de Prevención de riscos deben facer unha avaliación dos postos de traballo, co obxecto de avaliar o risco e previr contaxios.

4.- É obrigatorio utilizar a máscara nunha reunión con familiares

Resposta:

No caso de reunión no ámbito privado non é obrigatorio, pero recoméndase entre reunións de persoas non conviventes.

5.- Pode non utilizarse máscara para ir en bicicleta por un carril bici?

Resposta:

A obriga de uso de máscara será exixible en todo momento durante a realización da práctica deportiva individual ao aire libre.

6.- Nunha terraza dun bar pódese estar sen máscara?

Resposta:

Non se pode estar sen máscara salvo:

- No momento concreto do consumo de alimentos e bebidas.
- No momento concreto de consumo de tabaco (sempre e cando se podan garantir SEMPRE 2 metros de calquera outra persoa) .

O resto do tempo debe usarse.



7.- Poden fumar nunha terraza os conviventes dunha mesa sen estar a máis de 2 metros entre eles?

Resposta:

Non porque hai que respectar a distancia de 2 metros con calquera persoa.

8.- É obrigatorio utilizar máscara nunha viaxe en moto. Son dous persoas, un leva un casco integral modular e o pasaxeiro casco tipo jet (pantalla soamente por diante)

Resposta:

No punto 6 do anexo do acordo aprobado polo Consello da Xunta mediante a Resolución do 12 de xuño indica o seguinte:

“Nos transportes en motocicletas, ciclomotores e vehículos categoría L, cando viaxen dous ocupantes, deberán levar máscara ou casco integral cando non convivan no mesmo domicilio”.